

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 22 de agosto de 2025  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta minutos do día vinte dous de agosto do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso e María Pilar Ramallo Vázquez*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente a Viceinterventora, *Susana Escaloni Varela*.

Non asisten os deputados *Jorge Cubela López* e *Jesús Vázquez Almuíña*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e o deputado *Marcos Guisasola Padín*

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35551.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 14 de agosto de 2025.

2.35552.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS” (EXPTE.2025050424)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a execución da obra “*Mellora da Piscina Municipal de Teis*”.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, nas datas 03/07/2025 e 15/07/2025 o Concello de Vigo remite a Deputación (número de rexistro 2025013991 e 2025014555, respectivamente) a documentación necesaria para a formalización dun convenio de colaboración entre ambas administracións.



- A estimación económica da totalidade do investimento ascende á cantidade de SETE MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (7.139.341,42 €), e propónse que a achega da Deputación sexa de 4.800.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.14. Doutra banda, propónse que a achega do Concello de Vigo sexa de 600.000,00 €, con cargo á anualidade 2025 do orzamento municipal, de 1.200.000,00 € con cargo á anualidade 2026, e de 539.341,42 € con cargo á anualidade 2027. O orzamento da actuación detallase na seguinte táboa:

|                                         |                |
|-----------------------------------------|----------------|
| Orzamento base de adxudicación con IVE: | 6.279.253,38 € |
|-----------------------------------------|----------------|

Estimación de custes asociados a execución da obra:

|                                                                                |              |
|--------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra                              | 64.795,50 €  |
| Contrato de Asistencia técnica a Dirección da obra                             | 167.367,20 € |
| Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP | 627.925,34 € |

|                                              |                |
|----------------------------------------------|----------------|
| Importe total para o ámbito desta actuación: | 7.139.341,42 € |
|----------------------------------------------|----------------|

- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 21/07/2025 (CSV: 5DVW41EZBZ46ENNJ); o informe de supervisión do proxecto técnico emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación de 22/07/2025 (CSV: 1LBQ1AXRZBZ41JL6); e o informe do xefe do Servizo de Cooperación de 31/07/2025 (CSV: Q8CVLBN7A8CS4DU1), que se transcribe a continuación:

#### “ANTECEDENTES

*Primeiro.- En data 10 de abril de 2025, mediante rexistro nº 2025006099, o Concello de Vigo remite propostas de actuacións así como o alcance económico das mesmas, para o desenvolvemento dos correspondentes convenios de colaboración entre as dúas administracións, para o período dos anos 2025, 2026 e 2027, mantendo os criterios de colaboración financeira dos últimos anos, co obxectivo do seu estudo e posterior aprobación.*

*Mediante esta proposta a pretensión do Concello é solicitar a cantidade de 5.000.000,00 € na anualidade 2025 para un convenio de colaboración entre o concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do proxecto: “Mellora da piscina municipal de Teis”.*



*Segundo.- Posteriormente, en data 3 de xuño de 2025, mediante rexistro nº 2025011575, o Concello achega unha nova proposta de actuacións a levar a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra, na que se fan cambios respecto das actuacións inicialmente pretendidas para as anualidades 2026 e 2027 respecto do escrito anteriormente remitido, e na que se mantén inalterable a actuación da anualidade 2025 en todos os seus termos, isto é, investimento a executar (proxecto: "Mellora da piscina municipal de Teis "; importe do investimento (7.859.100,90 €) cantidade a solicitar á Deputación (5.000.000,00 €); achega do Concello (2.859.100,90 €).*

*Terceiro.- En data 18 de xuño de 2025 celébrase unha Comisión de Seguimento dos convenios celebrados con Vigo na anualidade 2024 e preguntando si se ratificaban na última proposta remitida con carácter oficial á Deputación en data 03 de xuño de 2025, dada a discrepancia existente entre os devanditos escritos remitidos, e por parte dos representantes do Concello na mesma responden afirmativamente.*

*Cuarto.- En data 03/07/2025 e 15/07/2025 con número de rexistro 2025013991 e núm. 2025014555, respectivamente, o Concello de Vigo remite á Deputación de Pontevedra a documentación necesaria para iniciar a tramitación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", para que pola Deputación de Pontevedra se leve a cabo a tramitación e posterior formalización do mesmo, establecéndose así unha colaboración entre ambas institucións públicas.*

*Non obstante, modifícanse as propostas inicialmente enviadas con carácter oficial variando o importe do investimento, pasando de 7.859.100,90 € a 7.139.341,42 € e a solicitude de aportación da Deputación que pasa de 5.000.000,00 € a 4.800.000,00 € na anualidade 2025 e con cargo ao orzamento do presente ano e solicitando a restante cantidade, isto é, 200.000,00 € con cargo a un orzamento non existente, o do ano 2026.*

*Quinto.- En data 09 de xullo de 2025 a Deputación envía requirimento de emenda e aclaración (NOT 2025017578) instando ao Concello a que reformule a súa petición solicitando a cantidade total pretendida con cargo ao orzamento 2025 no que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.*

*Sexto.- En data 15/07/2025 mediante rexistro nº 2025014555 o Concello como contestación ao requirimento remite un informe xurídico no que se mantén a súa última proposta de distribución do financiamento por anualidades.*

*Sétimo.- Examinada a documentación e a proposta do Concello de Vigo, emítese o seguinte informe xurídico:*

### XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE DO CONVENIO

*Vista a solicitude do Concello de Vigo e demais documentación para a válida concesión dunha subvención e a correspondente sinatura do convenio, analízase a natureza da actuación e conséntase o seguinte:*

*Primeiro.- Que o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*



*Segundo.- Que os arts. 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.*

*Terceiro.- Que o art. 47 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), define os convenios como os acordos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes, entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.*

*Segundo a tipoloxía prevista no art. 47.2 da LRXSP, o acordo de colaboración que se pretende celebrar acomódase ao previsto no seu apartado a): Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións Públicas.*

*Así mesmo, de acordo co art. 198.3 da LALGA, as deputacións provinciais poderán subscribir cos municipios da provincia convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e a maior eficiencia na prestación destes.*

*Cuarto.- Que de acordo co dito art. 47 da LRXSP, o obxecto da colaboración entre as partes non ten por obxecto prestacións propias dun contrato, polo que o acordo debe entenderse excluído do ámbito obxectivo da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). Este texto regula, ao abeiro do seu art. 6, como excluídos os convenios cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais subscritos entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as universidades públicas, as comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador.*

*Non obstante, se da execución do acordo deriváranse actuacións susceptibles de contratación, as mesmas someteríanse aos preceptos aplicables do LCSP e demais normativa en materia de contratación.*

*Quinto.- Que o art. 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), atribúe ás Administracións municipais competencia propia sobre a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. En concordancia co anterior, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA), ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.n) que exercerán, entre outras, competencias en materia de instalacións culturais e deportivas.*

*Sexto.- O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, xustifícase na necesidade de rehabilitación e mellora de infraestruturas deportivas de titularidade municipal, destinadas directamente ao desenvolvemento dos servizos públicos de competencia local.*

*Sétimo.- Que o obxecto do convenio responde a unha fin de interese común de ambas partes, segundo a distribución de competencias exposta ut supra, e de conformidade cos arts. 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), queda acreditado o interese público da actuación en base á existencia da aplicación orzamentaria que ten designada como beneficiario ao Concello de Vigo para convenios.*

*A base reguladora 4ª do Plan + Provincia 2025 recolle que a colaboración económica, prevista no art. 36 da LRBRL, cos concellos de máis de 50.000 habitantes, instrumentalízase a través de convenios de colaboración, para o cal dotará de crédito á correspondente aplicación orzamentaria.*



Oitavo.- Que existe no orzamento da Deputación unha partida (2025/ 942.9420.762.14) de 5 millóns para formalizar este tipo de convenios co Concello de Vigo para o ano 2025.

### ANÁLISE DO CONVENIO

Primeiro.- En base ao previsto na proposta de convenio remitida polo Concello de Vigo, o orzamentos total de gastos das actuacións recollidas no mesmo ascende á cantidade de SETE MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (7.139.341,42 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencia técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra.

O orzamento da actuación detállase na seguinte táboa:

|                                                                                |                |
|--------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| Orzamento adxudicación con IVE                                                 | 6.279.253,38 € |
| Estimación de custes asociados á execución da obra:                            |                |
| Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra                              | 64.795,50 €    |
| Contrato de Asistencia técnica a Dirección da obra                             | 167.367,20 €   |
| Estimación de custos asociados á condición establecida no artigo 242.4 da LCSP | 627.925,34 €   |
| TOTAL                                                                          | 7.139.341,42 € |

Segundo.- Conforme a presente proposta, o Concello solicita á Deputación Provincial de Pontevedra a achega da contía de CINCO MILLÓNS DE EUROS (5.000.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 942.9420.762.14, desagregados da forma seguinte:

|                |               |
|----------------|---------------|
| Exercicio 2025 | 4.800.000,00€ |
| Exercicio 2026 | 200.000,00€   |

Por tanto, o Concello non solicita o importe total dispoñible na partida dos orzamentos provinciais do ano 2025, sen embargo solicita que se lle concedan anticipadamente 200.000,00 euros con cargo a unha anualidade futura, a pesar de que poderían solicitalo con cargo á anualidade 2025, xa que solicitan destinar esa mesma cantidade de 200.000,00 euros para financiar o inicio da execución doutros proxectos, para os que tamén piden financiación do ano 2026.

Terceiro.- Analizada xuridicamente a cofinanciación por anualidades proposta para o convenio polo concello de Vigo, obsérvase que non resulta procedente a solicitude de concesión dunha subvención con cargo á anualidade 2026, tal e como se lles trasladou no requirimento do 09 de xullo de 2025 (NOT 2025017578) , polos seguintes motivos:

- Segundo a normativa aplicable, non sería posible anticipar a concesión dunha subvención, nos termos recollidos na súa proposta, con cargo a orzamentos non existentes de exercicios futuros, máxime cando non é razoable que, estando consignado o importe de 5.000.000,00 € para o ano 2025, se solicite un importe menor (4.800.000,00 €) para financiar esta actuación, a pesar de que o importe que o concello sinala como a financiar no ano 2025 é de 5.400.000,00 €, é dicir, superior á cantidade consignada.



- *A regra xeral aplicable a todos os concellos da provincia en plans de natureza equivalente ao deste convenio, como é o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal – Plan +Provincia 2025, segue o principio de anualidade orzamentaria, de modo que un trato diferenciado e excepcional podería supoñer un trato discriminatorio para o resto dos concellos dificilmente xustificable nos termos remitidos.*
- *Asemade, comprometer os orzamentos de exercicios futuros pode supoñer, de facto, un risco para o cumprimento das regras fiscais e de estabilidade e sustentabilidade orzamentarias, nun momento en que nin se coñecen os importes que se van transferir doutras administracións nin se teñen certezas sobre o grao de flexibilidade das regras fiscais a aplicar na vindeira anualidade.*

*En dito requirimento, infórmase debidamente que non atender o requirimento en prazo terá como consecuencia o previsto na normativa de aplicación: “De conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debe emendar os defectos, erros ou omisións sinalados e/ou achegar a documentación esixida no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte á notificación deste requirimento; en caso de non realizalo no mencionado prazo, teráselle por desistido da súa petición, procedéndose a archivar a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos establecidos no artigo 21 da citada lei”.*

*Cuarto.- En relación á distribución por anualidades, o concello de Vigo non realiza a emenda da súa petición no prazo requirido, se non que emite un informe xurídico no que expresa a súa fundamentación para que a Deputación lle conceda a subvención anticipada da anualidade 2026.*

*A este respecto cabe sinalar que o concello de Vigo en dita petición non xustifica un carácter excepcional do convenio, nin unha singularidade extraordinaria, nin un carácter estratéxico para o territorio provincial de natureza excepcional, que poida xustificar o trato desigual con respecto a outros concellos da provincia.*

*Así mesmo, tendo en conta que xa está adxudicado o contrato tampouco se aprecia a existencia dun carácter de imperiosa necesidade e urxencia, nin se xustifica que se produzan prexuízos nos tempos de execución das actuacións, xa que non se depende da subvención para executar o proxecto e, en todo caso, esta subvención podería terse solicitado e concedido desde a entrada en vigor dos orzamentos do 2025, isto é, desde xaneiro do 2025.*

*Por tanto, non se pode estimar que concorran razóns especiais de urxencia que xustifiquen un trato diferenciado con respecto a outros concellos, sobre todo cando o concello de Vigo é quen ten a potestade de realizar a solicitude e puido presentala desde fai meses.*

*Por conseguinte, atender a petición do Concello de Vigo, nos termos de financiamento expostos, sería discriminatoria ao solicitarse unha concesión anticipada que non se lle permite ao resto de concellos da provincia. Non existe acreditación suficiente da motivación que puidese xustificar un trato diferenciado, co que se estaría vulnerando os principios de equidade e non discriminación.*

*Por outra parte, de considerarse polo Concello de Vigo unha actuación prioritaria e urxente, non se explicaría persistir na súa financiación con cargo a unha subvención na anualidade 2026, non obstante, si que se permitiría que a anualidade 2026 se financie con fondos propios do Concello.*



*Ademais, a distribución por anualidades estímase innecesaria, en termos de eficiencia e proporcionalidade, tendo en conta que non supón unha situación vantaxosa para ningunha das partes, pois sumaría unha maior complexidade burocrática e orzamentaria na xestión e execución do convenio, polo que non parece acorde aos principios de eficiencia, eficacia e proporcionalidade a solicitude realizada, pois dotaría o expediente dunha carga de complexidade na súa tramitación inxustificada, prescindible e innecesaria.*

*O baixo porcentaxe de execución habitual neste tipo de convenios e que supón unha dificultade engadida para o cumprimento das regras fiscais do gasto para esta entidade reforza a idea da innecesariedade de proceder a unha tramitación anticipada, sobre todo cando se está a demorar a concesión da anualidade do ano 2025. Non é coherente cos principios de eficacia e eficiencia, demorar unha tramitación que se podía ter iniciado en xaneiro e ao mesmo tempo solicitar unha tramitación anticipada con cargo a outra anualidade.*

*Por outra parte, non existe dereito algún á obtención dunha subvención anticipada con cargo a unha anualidade futura. Neste senso, o Concello de Vigo non pode limitar a autonomía local doutra administración local, que a Deputación ten recoñecida constitucionalmente no artigo 137 da CE, sobre todo cando se trata dunha decisión motivada, razoada e de aplicación xeral para o resto dos concellos da provincia en plans de natureza equivalente ao deste convenio, como é o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal – Plan +Provincia 2025. En dito Plan a plurianualidade non está pensada como a disposición dun crédito anticipado, senón que os concellos asumen a cantidade con fondos propios, sen prexuízo da súa adaptación posterior na anualidade seguinte.*

*Quinto.- A achega prevista pola Deputación de Pontevedra a favor do Concello de Vigo ten a consideración dunha subvención aos efectos do art. 2 da LXS, estando suxeita a súa xestión e fins á normativa reguladora das subvencións públicas.*

*O libramento das achegas realizarase previa presentación, conforme ao recollido no texto do convenio, da documentación xustificativa do gasto efectuado, podendo o Concello realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.*

*Sexto.- O texto do convenio contén todos os apartados esixidos pola normativa. Así mesmo, engadíronse outros que, pese a non ser obrigatorios, enténdese que deben incluírse para unha mellor regulación das condicións fixadas polas partes.*

*Así, en aras dunha mellor regulación das condicións, as obrigas de publicidade (pacto sétimo do convenio) deberían estar redactadas de forma máis detallada, concretándose, na medida do posible, forma, prazos e contido das actuacións a levar a cabo. O devandito pacto conterá como mínimo o seguinte:*

*Cumprir as obrigas de publicidade , que serán as seguintes:*

- *Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados.*
- *Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.*
- *A publicidade debe facerse mediante anuncios na prensa local, nos que se indique o financiamento da Deputación.*
- *Comunicarlle á Deputación as distintas visitas ás instalacións e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.*

*En todo caso, no texto do convenio tamén compre engadir que “a falta de actuacións concretas, rexerán con carácter supletorio as regras das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (plan + Provincia) 2025, especificamente as previstas para a Liña 1 de investimentos, por ser o Plan de natureza equivalente a este convenio ”.*



*Asemade, no texto do convenio cando se fai referencia a achega finalista no seu pacto quinto que leva por rúbrica Modificacións do proxecto, é conveniente engadir que “no caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais alo do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello”, por tratarse dunha achega que ten que destinarse para a mesma finalidade e durante a vixencia do convenio.*

*Sétimo.- A vixencia do convenio estenderase ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose como datas límite de execución e finalización o 30/06/2027 e de xustificación o 30/12/2027.*

*No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30/06/2028.*

*Oitavo.- Sen prexuízo do sinalado nos puntos anteriores, especialmente no referente á distribución por anualidades, no expediente consta a documentación do Concello necesaria para iniciar a tramitación do convenio, sendo necesaria, non obstante, a aprobación do texto por parte do Concello para poder levar a cabo a súa sinatura. No expediente queda acreditado que o Concello está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Obra, así mesmo, a documentación técnica, que foi informada favorablemente polos facultativos técnicos do Servizo de Cooperación en data 22/07/2025 (CSV: 1LBQ1AXRZBZ41JL6).*

#### CONCLUSIÓN:

*Á vista do exposto, infórmase favorablemente o expediente no tocante á aprobación do convenio contemplando o financiamento da Deputación de 4.800.000,00 € con cargo á anualidade 2025 ou, se o Concello emenda a súa proposta durante o presente ano, esta achega poderá verse incrementada ata os 5.000.000,00 € con cargo á anualidade 2025. Non obstante, en relación á petición de financiamento con cargo á anualidade 2026 por importe de 200.000,00 €, non se estima procedente por non axustarse a distribución por anualidades proposta ás regras e principios xerais de aplicación, segundo a motivación contida no presente informe, sen prexuízo de que o Concello poida realizar unha emenda da súa solicitude para axustar o financiamento solicitado con cargo á anualidade 2025.*

*Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consoante ó seu superior criterio.*

*Os datos do convenio proposto incorporáronse no rexistro de convenios (CIVIDAS) co código 2025000229, para os efectos do cumprimento das obrigas de comunicación ao Tribunal de Contas.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
O xefe do Servizo de Cooperación”*

- A Intervención provincial, en data 01/08/2025 (CSV: Y1LG2Z5UO07A0ORW), emite dilixencia de fiscalización, que se transcribe a continuación, prestando a súa conformidade á tramitación do expediente de acordo ao indicado no informe do xefe do Servizo de Cooperación:

*“DILIXENCIA DE CONFORMIDADE en relación ao informe-proposta do servizo de Cooperación, do día 31 de xullo de 2025, relativo proposta do convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello Vigo para levar a cabo a execución da obra “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS”, no que conclúe que “Á vista do exposto, infórmase favorablemente o expediente no tocante á aprobación do convenio contemplando o financiamento da Deputación de 4.800.000,00 € con cargo á anualidade 2025 ou, se o Concello emenda a súa proposta durante o presente ano,*



*esta achega poderá verse incrementada ata os 5.000.000,00 € con cargo á anualidade 2025. Non obstante, en relación á petición de financiamento con cargo á anualidade 2026 por importe de 200.000,00 €, non se estima procedente por non axustarse a distribución por anualidades proposta ás regras e principios xerais de aplicación, segundo a motivación contida no presente informe, sen prexuízo de que o Concello poida realizar unha emenda da súa solicitude para axustar o financiamento solicitado con cargo á anualidade 2025”.*

*A configuración das axudas decídeaa a Administración que as concede, neste caso a Deputación, non lle corresponde decidilo ao beneficiario (Concello de Vigo), as aportacións que ven realizando, nos últimos exercicios, a Deputación a favor dos Concellos de Vigo e Pontevedra non están configuradas como gasto plurianual.*

*Na aplicación proposta no convenio, 25/942.9420.762.14, queda retido o crédito por importe de 4.800.000,00 € mediante documento R.C. núm. 12025000147705*

*O órgano competente para a aprobación do expediente é a Xunta de Goberno.*

*Número de expediente: 2025050424*

*Código seguro de verificación (CSV):Q8CVLBN7A8CS4DU1*

*En Pontevedra, Documento datado e asinado dixitalmente”*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Lexislación aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

### **Consideracións Xurídicas:**

#### **Competencia:**

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, atribúe ás Administracións municipais competencia sobre a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu art. 80.2.n) que exercerán, entre outras, competencias en materia de instalacións culturais e deportivas.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

#### Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.



- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2024, dotación orzamentaria na aplicación 2024/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

### CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a execución da obra "*Mellora da Piscina Municipal de Teis*".

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Co fin de realizar unha tramitación dilixente e coa maior celeridade, tendo en conta que o expediente xa está listo para proseguir a súa tramitación, estímase oportuno a aprobación deste convenio nos termos expostos con carácter previo ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, condicionado a que se lle dea conta na primeira sesión que se celebre.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación, nos termos expostos, do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS".

### RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS".



O texto do convenio figura co CSV: QDOWWPT2LAUYA4WE, e se transcribe a continuación:

*"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS".*

*En Vigo na data da sinatura electrónica*

### INTERVENEN

*Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.ª Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.*

*Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,*

### EXPOÑEN

*I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.*

*II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, parques e xardíns, entre outras.*

*III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora das infraestruturas de titularidade públicas*

*IV.- O obxectivo deste convenio é seguir mellorando a calidade dos espazos para o ocio e o recreo da Cidade de Vigo*



V.- *Que o O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, os encamiñados de forma particular, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra apoia a transformación sostible das infraestruturas deportivas dos concellos da provincia.*

VI. *Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2025, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.*

VII.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

VIII.- *Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervinientes con arranxo aos seguintes*

## PACTOS

### PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- *O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS".*

2.- *O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", foi redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEIS MILLÓNS NOVECIENTOS SETENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (6.976.948,20 €), con data da sinatura xullo de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 11 de outubro de 2024. Dito proxecto foi licitado e adxudicado a través do expediente administrativo 2121-441, sendo o importe de adxudicación o de 6.279.253,38 €*

### SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- *O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de SETE MILLÓNS CENTO TRINTA E NOVE MIL TRESCIENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (7.139.341,42€), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos: O proxecto adxudicado ten o seguinte importe de execución:*

|                                         |                |
|-----------------------------------------|----------------|
| Orzamento base de adxudicación con IVE: | 6.279.253,38 € |
|-----------------------------------------|----------------|



*Estimación de custes asociados a execución da obra:*

|                                                                                       |                     |
|---------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| <i>Contrato de asistencia técnica para a CSS da obra</i>                              | <i>64.795,50 €</i>  |
| <i>Contrato de Asistencia técnica a Dirección da obra</i>                             | <i>167.367,20 €</i> |
| <i>Estimación de custes asociados a condición establecida no artigo 242.4 da LCSP</i> | <i>627.925,34 €</i> |

|                                                     |                       |
|-----------------------------------------------------|-----------------------|
| <i>Importe total para o ámbito desta actuación:</i> | <i>7.139.341,42 €</i> |
|-----------------------------------------------------|-----------------------|

**2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:**

*A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de CATRO MILLÓNS OITOCENTOS MIL EUROS (4.800.000,00 €), correspondentes ao exercicio 2025.*

*A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra, será financiada con cargo ós créditos da aplicación 942.9420.762.14.*

**3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:**

*O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de (DOUS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS) 2.339.341,42 €, desagregados da forma seguinte:*

|                       |                       |
|-----------------------|-----------------------|
| <i>Exercicio 2025</i> | <i>600.000,00 €</i>   |
| <i>Exercicio 2026</i> | <i>1.200.000,00 €</i> |
| <i>Exercicio 2027</i> | <i>539.341,42 €</i>   |

*A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 3420/6320015 (PISCINA TEIS)–proxecto de gasto 22342009 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, as devanditas achegas quedarán condicionadas, en todo caso, á aprobación definitiva dos orzamentos xerais do concello para o ano 2026 e 2027.*

*4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.*

**TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

*1.- A execución das actuacións e dos contratos ós que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.*

*2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.*

*3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.*



4.- *Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a coordinación de seguridade e saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.*

5.- *A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.*

#### CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

*O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.*

*O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.*

*O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:*

- *Contrato de adxudicación da obra.*
- *Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.*
- *Acta de comprobación do replanteo.*
- *Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.*
- *Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.*
- *Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.*

*Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:*

- *Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.*
- *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
- *Informe final do/a Director/a da obra.*
- *De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.*
- *Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.*
- *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

*A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.*



*Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.*

*A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.*

## **QUINTO.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO**

*As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de CATRO MILLÓNS OITOCENTOS MIL EUROS (4.800.000,00 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.*

*Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.*

*No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado máis aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda de dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.*

## **SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES**

*O Concello de Vigo obrígase a:*

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.*
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.*
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.*
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.*
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*



*Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.*

*Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

*Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:*

- *Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.*

#### **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

*En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.*

*En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:*

- *Dende o inicio das obras ata a súa total terminación, deberá colocarse un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.*
- *Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarase ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.*
- *Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións ou os gastos subvencionados.*
- *Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible.*
- *A publicidade debe facerse mediante anuncios na prensa local, nos que se indique o financiamento da Deputación.*
- *Comunicarlle á Deputación as distintas visitas ás instalacións e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.*



*A falta de previsións concretas, rexerán con carácter supletorio as regras das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia) 2025, especificamente as previstas para a Liña 1 de investimentos, por ser o Plan de natureza equivalente a este convenio*

*Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial ([https:// www.depo.gal/es/identidade-corporativa](https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa)).*

*O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.*

*Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

#### OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

*As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.*

*Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.*

*As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.*

#### NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

*A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.*

*Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adjudicado.*

#### DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

*Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento:*

- A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*



- *A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- *A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.*
- *A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

*A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA**

*O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado a límite do 30 de xuño de 2027, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2027. No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de xuño de 2028.*

*No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.*

*No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.*

#### **DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

*De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*

*1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*

*2º.- O acordo unánime dos asinantes.*

*3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

*Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.*

*Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.*

*4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

*5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*



## DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.*

*O alcalde-presidente do Concello de Vigo, Abel Caballero Álvarez*

*A secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, Susana Gallardo Fariña*

*O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López Diéguez*

*O secretario xeral da Deputación de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”*

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Vigo.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

3.35553.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA, AO ABEIRO DO LAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DAS VIVENDAS DOS MESTRES PARA USOS COMPLEMENTARIOS DO COLEXIO TORRE ILA” (EXPTE.2025021300)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024567, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello da ILLA DE AROUSA* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 150.134,60 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*ACONDICIONAMENTO DAS VIVENDAS DOS MESTRES PARA USOS COMPLEMENTARIOS DO COLEXIO TORRE ILLA*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.  
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- A devandita autorización, será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

## PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/05/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 10/07/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 04/08/2025, a Xunta De Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello da Illa de Arousa*, CIF: P860000I, unha subvención por importe de 150.134,60 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento das vivendas dos mestres para usos complementarios do Colexio Torre Illa*” (expediente: 2025021300), cuxo orzamento ascende a 150.134,60 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Illa de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.35554.- CAMBIO DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO Nº 9.35275 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 30/05/2025, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2025 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “NOVO PARQUE URBANO LUGRIS” (EXPTE.2025021188)

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Bueu con destino á execución da actuación denominada “*Novo parque urbano Lugris*”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.  
O custo total da actuación ascendía a 899.805,54€ e a subvención concedida a 674.854,15€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 224.951,39€.
- En data 30/05/2025, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 9.35275, concedeuse ao Concello de BUEU, polo procedemento de concorrència non competitiva, unha subvención para o financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “*NOVO PARQUE URBANO LUGRIS*” (exp 2025021188) por importe de 224.951,39 €, cun orzamento que importa 899.805,54 €, tal como se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento-<br>€ | Subvención -Plan<br>+ Provincia<br>2025-€ | Achegas doutras<br>administracións públicas<br>-€ | Plan<br>Provincia<br>Extraord.<br>Plan Extra-€ |
|------------|-----------------|-------------------------------------------|---------------------------------------------------|------------------------------------------------|
| 2025       | 899.805,54      | 224.951,39                                | 0,00                                              | 674.854,15                                     |



- Coa intención de corrixir erros operativos detectados no proxecto de “NOVO PARQUE URBANO LUGRIS”, na data 07/05/2025 o Concello de Bueu presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025034000), entre outros documentos, un proxecto reformulado do proxecto inicial e o certificado de aprobación do mesmo e na data 08/05/2025 (núm. rexistro WEB2025034552) o Concello presenta unha instancia xenérica solicitando que se tramite o devandito reformulado. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación.
- Na data 25/06/2025, en contestación ao requirimento realizado polo Servizo de Cooperación, o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro 2025013532) unha Resolución da alcaldía comunicando á Deputación de Pontevedra que se instará a aprobación da corrección de errata do proxecto “NOVO PARQUE URBANO LUGRIS”, así como un informe do redactor do proxecto aclaratorio da clasificación do contratista.
- A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 06/08/2025.
- Por último indicar que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025 adoptou o acordo nº 11.8455 de aprobación deste novo proxecto técnico reformulado, presentado polo concello de Bueu, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra (Expte. 2024077689)

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 06/08/2025 e do xefe do servizo de Cooperación de data 06/08/2025 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 08/08/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2025021188, polo achegado en data 07/05/2025 con rexistro WEB2025034000 e en data 25/06/2025 con rexistro 2025013535, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 9.35275, do día 30/05/2025 polo que se concede ao *concello de BUEU*, CIF: P3600400J, a cantidade de 224.951,39 € con destino ao financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “*NOVO PARQUE URBANO LUGRIS*” (Exp: 2025021188), cun orzamento que importa 899.805,54 €.
- O proxecto técnico modificado non implica variación do orzamento e non altera o importe da subvención outorgada.
- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 9.35275, do día 30/05/2025, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Buen*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



5.35555.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES.  
2025056305, 2025057093 E 2025056462)

a) Vista a relación de operacións con número 2025056305 (CSV: 14E36PWETJ1EOVMG), que contén 1 operación por un importe de 907,50 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |         |
|--------------------------------|---------|
| Importe orzamentario .....     | 907,50€ |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €  |
| Retencións .....               | 0,00 €  |
| Total líquido .....            | 907,50€ |

b) Vista a relación de operacións con número 2025057093 (CSV: 1QE5ZAS1VLCCL4O6), que contén 2 operacións por un importe de 81.675,00€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| Importe orzamentario .....     | 81.675,00€ |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €     |
| Retencións .....               | 0,00 €     |
| Total líquido .....            | 81.675,00€ |

c) Vista a relación de operacións con número 2025056462 (CSV: 1GVI2CXZXR2Y9C6I), que contén 5 operacións por un importe de 17.255,60€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

|                                |             |
|--------------------------------|-------------|
| Importe orzamentario .....     | 17.350,60€  |
| IVE soportable deducible ..... | 0,00 €      |
| Retencións .....               | 95,00€      |
| Total líquido .....            | 17.255,60 € |



6.35556.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AOS TRABALLOS DO PROXECTO IDAE NÚM. PR-D5000-2021-000380 “INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS SOSTIBLES II”, DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓNS EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PRTR CORRESPONDENTE AO LOTE 1.- INSTALACIÓN DE XERACIÓN TÉRMICA RENOVABLE MEDIANTE XEOTERMIA NA CASA DO CONCELLO DE A CAÑIZA (EXPTE.2024045467)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 18/10/2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do contrato mixto de execución dos traballos do Proxecto IDAE num. PR-D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostibles II” dentro do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa Dus 5000) no marco do PRTR comprende as seguintes actuacións:

| Lote | Denominación                                                                                              |
|------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1    | Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza.             |
| 2    | Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia no centro sociocultural de A Illa de Arousa. |

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 21/02/2025, acordou adxudicar o lote nº1 correspondente a Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza á empresa Grundila, S.L (B32323370), formalizándose con data 11/03/2025 entre a Deputación de Pontevedra e Grundila, S.L, o correspondente contrato administrativo.

O Prego de Clausulas Económico-Administrativas Particulares ao que está suxeito o contrato establece na súa cláusula 7 que o prazo de execución é de 3 meses a contar desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo Establece asimesmo na cláusula 21.2 Inicio da execución “A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. Para tales efectos, no prazo máximo dun mes desde a data da súa formalización, agás casos excepcionais xustificadas, o servizo da Administración encargado das obras procederá, en presenza da ou do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo [...]”

Con data 26/05/2025 formalízase a acta de comprobación de replanteo que marco o inicio dos traballos tendo como prazo de execución máximo de 3 meses finalizando polo tanto o 26/08/2025.

Con data 12/08/2025 polo Xefe do Servizo de Cooperación emítese informe solicitando a suspensión da execución dos traballos correspondentes ao lote nº1 informando o seguinte:

Con data 11/08/2025, a empresa Grundila S.L solicita mediante instancia xenérica con rexistro WEB2025058024 a paralización das obras e ampliación do prazo de execución adxuntando notificación recibida do concello de A Cañiza co asunto “*Aplazamento temporal das obras de instalación de xeotermia na Casa Consistorial da Cañiza*”.



Con data 12/08/2025 asínase a acta de paralización das obras polo director de obra Joaquín Pampillón Carrera e o representante da contratista Grundila S.L, Marcos Diz Lamas, indicando “ O concello de A Cañiza comunica que as obras deben interromperse do 11 ao 17 de agosto co motivo da celebración da Semana Grande das Festas do Xamón da Cañiza, evitando que a presenza de maquinaria, valados e outros elementos propios da infraestrutura da obra poida supoñer un risco para as persoas”.

Dende o Servizo de Cooperación enténdese que o motivo da paralización da obra dende o día 11 ao 17 de agosto non é imputable ao contratista, facéndose necesaria unha ampliación do prazo de execución de SETE DÍAS para finalizar a obra.

Considerando que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con sujeción ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión da execución do contrato dos traballos do proxecto IDAE num PR -D5000-2021-000380 “Instalacións xeotérmicas sostíbeis II” dentro do programa de axudas para inversión en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, correspondente ao lote Nº1 .- Instalación de xeración térmica renovable mediante xeotermia na casa do concello de A Cañiza do 11 ao 17 de agosto o por conseguinte a ampliación do prazo de execución en sete días , sendo polo tanto a data de finalización das obras o día 02/09/2025.



7.35557.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL TÉCNICO PARA OS LABORATORIOS DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (EXPTE.2025012729)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da “*subministración de diverso material técnico para os laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro*”.

Resultando.- Que o anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01 de xullo de 2025. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17 de xullo de 2025, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Resultando.- Que unha vez descargada a documentación dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e a proposta avaliable mediante criterios automáticos, resultaron admitidas as seguintes empresas:

Lotes nº 1, 2, 3, 4 e 5:

- AP MEDICAL SUMINISTROS MEDICOS AUXILIARES, S.L. (NIF: B63914378)
- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479)
- LEBORIZ, S.L.U. (NIF: B27735919)
- PIDISCAT, S.L. (NIF: B61700381)

Lotes nº 1, 2, 3 e 5:

- PROQUINORTE, S.A. (NIF: A48202451)
- SCHARLAB, S.L. (NIF: B63048540)

Empresas non admitidas:

- COMERCIAL SEVILLANA DE LABORATORIOS, S.L. (NIF: B41046665). Lotes 1, 2, 3, 4 e 5.  
Motivo de non admisión: Non seguir o modelo facilitado no Anexo I para a presentación da oferta económica, resultando non admitido por realizar dúas ofertas por cada lote, excedendo a suma de ambas o orzamento base de licitación fixado para cada un.

Resultando.- Que os valores ofertados polas empresas presentadas e admitidas constan no certificado da Mesa de Contratación, con CSV: UZQ07POU9H67J29J.

Resultando.- Que dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, observouse que os prezos ofertados pola empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479) nos Lotes nº 1 e 2 e os prezos ofertados pola empresa PIDISCAT, S.L. (NIF: B61700381) no Lote nº 4 presentan valores desproporcionados ou anormais.



Polo tanto, na mesma sesión a Mesa de Contratación acordou facultar ao Secretario da mesma para que proceda a requirirle os licitadores arriba sinalados para que xustifiquen ditas ofertas (nº de rexistro de saída: NOT2025018999 e NOT2025019000, de data 21 de xullo de 2025).

Resultando.- Que a documentación xustificativa é achegada polas empresas (nº de rexistro de entrada: REX\_WEB2025053663, de data 21 de xullo de 2025 e REX\_WEB2025054361, de data 23 de xullo de 2025), dándolle traslado ao servizo de Estación Fitopatolóxica Areeiro para a emisión do correspondente informe.

Resultando.- Que polo servizo de Estación Fitopatolóxica Areeiro emítense informes, con datas 23 e 24 de xullo de 2025 (CSVs: 78DHGSX6NTHFG08N e YCW1UNJDH215DNPO, respectivamente), concluíndo ambos como segue:

*“Non hai elementos de xuízo obxectivos para determinar que a empresa non pode cumprir co contrato á satisfacción da administración, aínda que se esixirá á empresa que cumpra coa calidade do material descrita nos pregos e que ven sendo utilizada habitualmente na Estación Fitopatolóxica Areeiro”*

Resultando.- Que a continuación, procédese coa valoración das ofertas admitidas presentadas, de conformidade cos criterios de valoración automática previstos no prego administrativo e polo servizo de Contratación emítese o correspondente informe de puntuacións finais, de data 28 de xullo de 2025 (CSV: 7007Q7IKL3BWEHKJ).

Resultando.- Que en base ó anterior, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 31 de xullo de 2025, acordou propoñer ao órgano de contratación a non admisión do licitador COMERCIAL SEVILLANA DE LABORATORIOS, S.L., nos lotes 1, 2, 3, 4 e 5, por non seguir o modelo facilitado no Anexo I, así como por exceder do orzamento base de licitación fixado para cada un dos lotes; aceptar a xustificación da baixa temeraria das ofertas presentadas polas empresas PIDISCAT, S.L. e COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L., con respecto ao lote nº4 e aos lotes nº 1-2, respectivamente; aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas admitidas; e propor ao órgano de contratación a adxudicación do contrato ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados:

- Lote 1.- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479)
- Lote 2.- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479)
- Lote 3.- LEBORIZ, S.L.U. (NIF: B27735919)
- Lote 4.- PIDISCAT, S.L. (NIF: B61700381)
- Lote 5.- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479)

Na mesma sesión compróbase que a empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 1017, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Asemade, consta ao corrente das súas obrigas coa SS e coa AEAT, así como dada de alta no IAE.



A empresa LEBORIZ, S.L.U. (NIF: B27735919) tamén se atopa inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 5205, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Asemade, consta ao corrente das súas obrigas coa SS e coa AEAT, así como dada de alta no IAE.

Asemade, comproba que a empresa PIDISCAT, S.L. (NIF: B61700381) está inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, que se atopa debidamente constituída, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

A Mesa de Contratación tamén facultou ao secretario suplente da Mesa para que procedera a requirirille, mediante comunicación electrónica, para que presenten o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando.- Que con data 01 de agosto de 2025, o secretario suplente da Mesa de Contratación requiriu ás empresas COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479), proposta como adxudicataria dos Lotes 1, 2 e 5; LEBORIZ, S.L.U. (NIF: B27735919), proposta como adxudicataria do Lote 3 e PIDISCAT, S.L. (NIF: B61700381), proposta como adxudicataria do Lote 4, para que remitisen a documentación esixida no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seu envío (Rexistros de saída NOT2025020150, NOT2025020151 e NOT2025020152, de data 01 de agosto de 2025).

Resultando.- Que a empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025056992, 2025015567, 2025015568 e 2025015567, de datas 05 e 07 de agosto de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 552,88 €, 81,75 € e 1.453,75 € (cartas de pago núm. operación 12025000152126, 12025000152128 e 12025000152129, respectivamente, de data 08 de agosto de 2025).

Resultando.- Que a empresa LEBORIZ, S.L.U. (NIF: B27735919) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025056953, de data 06 de agosto de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 59,60 € (carta de pago núm. operación 12025000150937, do 05 de agosto de 2025).



Resultando.- Que a empresa PIDISCAT, S.L. (NIF: B61700381) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025057222, de data 06 de agosto de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 965,55 € (carta de pago núm. operación 12025000149202, do 04 de agosto de 2025).

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Non admitir á empresa *Comercial Sevillana de Laboratorios, S.L.* (NIF: B41046665) nos lotes 1, 2, 3, 4 e 5 por non seguir o modelo facilitado no Anexo I para a presentación da oferta económica, resultando non admitido por realizar dúas ofertas por cada lote, excedendo a suma de ambas o orzamento base de licitación fixado para cada un.

2.- Adxudicar o contrato para a *“Subministración de diverso material técnico para os laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro”* ás seguintes empresas polos prezos e valores ofertados, coas especificacións técnicas contidas no PPT, conforme ao seguinte detalle:

- Lote nº 1.- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479)

|                                    |            |
|------------------------------------|------------|
| Prezo total ofertado, sen IVE      | 6.513,07 € |
| IVE (21%)                          | 1.367,75 € |
| Prezo total ofertado, IVE engadido | 7.880,82 € |



Os prezos unitarios resultantes, unha vez aplicada a baixada ofertada polo licitador no lote correspondente, son os seguintes:

| LOTE 1.- MATERIAL DE SEGURIDADE E PRODUTOS DE LABORATORIO VARIOS |                                       |                        |               |                                   |
|------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|------------------------|---------------|-----------------------------------|
| Nº                                                               | PRODUTO                               | FORMATO                | UDS ESTIMADAS | PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE) |
| 1                                                                | GUANTES NITRILO AZUIS 100%            | Caixa 100 uds          | 150           | 3,86 €                            |
| 2                                                                | GUANTES LATEX                         | Caixa 100 uds          | 200           | 3,68 €                            |
| 3                                                                | GUANTES DE NITRILO NEGROS             | Caixa 100 uds          | 100           | 8,84 €                            |
| 4                                                                | PAPEL PARAFILM                        | Rollo 10cm x 38m       | 100           | 23,56 €                           |
| 5                                                                | RESMAS PAPEL FILTRO                   | Paquete de 500 follas  | 15            | 24,74 €                           |
| 6                                                                | ALGODÓN                               | Paquete de 1 kg        | 25            | 4,70 €                            |
| 7                                                                | BOBINA DE PAPEL DE ALUMINIO           | Rollo de 40cmX200/250m | 15            | 17,66 €                           |
| 8                                                                | BOLSA DE AUTOCLAVE, MEDIANA 410X630MM | 300 bolsas /paquete    | 8             | 24,15 €                           |
| 9                                                                | BOLSA DE AUTOCLAVE, GRANDE 620X780 MM | 200 bolsas /paquete    | 9             | 92,48 €                           |
| 10                                                               | BOTES PLASTICO ESTÉRILES              | Caixas de 350 botes    | 4             | 44,76 €                           |

- Lote nº 2.- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479)

|                                    |          |
|------------------------------------|----------|
| Prezo total ofertado, sen IVE      | 392,96 € |
| IVE (21%)                          | 82,52 €  |
| Prezo total ofertado, IVE engadido | 475,48 € |



Os prezos unitarios resultantes, unha vez aplicada a baixada ofertada polo licitador no lote correspondente, son os seguintes:

| LOTE 2.- MATERIAL DE VIDRO DE LABORATORIO |                                 |                       |               |                                   |
|-------------------------------------------|---------------------------------|-----------------------|---------------|-----------------------------------|
| Nº                                        | PRODUTO                         | FORMATO               | UDS ESTIMADAS | PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE) |
| 1                                         | PORTAOBXETOS DE VIDRO           | Caixa de 50 unidades  | 150           | 1,20 €                            |
| 2                                         | CUBRES CADRADOS 22 X 22 MM      | Caixa de 100 unidades | 30            | 0,49 €                            |
| 3                                         | CUBRES RECTANGULARES 24 X 60 MM | Caixa de 100 unidades | 15            | 1,68 €                            |
| 4                                         | CUBRES REDONDOS Ø 15 MM         | Caixa de 100 unidades | 30            | 5,77 €                            |

- Lote nº 3.-LEBORIZ, S.L.U. (NIF: B27735919)

|                                    |            |
|------------------------------------|------------|
| Prezo total ofertado, sen IVE      | 935,40 €   |
| IVE (21%)                          | 196,43 €   |
| Prezo total ofertado, IVE engadido | 1.131,83 € |

Os prezos unitarios resultantes, unha vez aplicada a baixada ofertada polo licitador no lote correspondente, son os seguintes:

| LOTE 3.- MATERIAL METÁLICO DE LABORATORIO |                          |                       |               |                                   |
|-------------------------------------------|--------------------------|-----------------------|---------------|-----------------------------------|
| Nº                                        | PRODUTO                  | FORMATO               | UDS ESTIMADAS | PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE) |
| 1                                         | COITELAS DE BISTURÍ Nº11 | Caixa de 100 unidades | 36            | 9,42 €                            |
| 2                                         | COITELAS DE BISTURÍ Nº20 | Caixa de 100 unidades | 45            | 9,42 €                            |
| 3                                         | COITELAS DE BISTURÍ Nº22 | Caixa de 100 unidades | 20            | 8,62 €                            |



- Lote 4: PIDISCAT, S.L. (NIF: B61700381)

|                                    |             |
|------------------------------------|-------------|
| Prezo total ofertado, sen IVE      | 11.750,00 € |
| IVE (21%)                          | 2.467,50 €  |
| Prezo total ofertado, IVE engadido | 14.217,50 € |

Os prezos unitarios resultantes, unha vez aplicada a baixada ofertada polo licitador, son os seguintes:

| LOTE 4.- MATERIAL DE PLÁSTICO DE LABORATORIO |                                                    |                                                   |               |                                   |
|----------------------------------------------|----------------------------------------------------|---------------------------------------------------|---------------|-----------------------------------|
| Nº                                           | PRODUTO                                            | FORMATO                                           | UDS ESTIMADAS | PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE) |
| 1                                            | TUBOS TIPO EPPENDOF 1,5 ML,                        | Bolsa tubo de 500 tubos                           | 60            | 8,52 €                            |
| 2                                            | TUBOS TIPO EPPENDOF 1,5 ML CON PECHE DE SEGURIDADE | Bolsa de 1.000 tubos                              | 45            | 3,65 €                            |
| 3                                            | TUBOS TIPO EPPENDOF 2 ML                           | Bolsa de 500 tubos                                | 24            | 10,95 €                           |
| 4                                            | PUNTAS DE PIPETA CON COROA 200µL AMARELAS          | Bolsa de 1.000 uds ou Rack de 96 uds              | 60            | 3,65 €                            |
| 5                                            | PUNTAS DE PIPETA CON COROA 1000µL AZUIS            | Bolsa de polietileno termoselada con 1.000 puntas | 60            | 6,08 €                            |
| 6                                            | PUNTAS DE PIPETA CON COROA 0.1-10µL BRANCAS        | Bolsa de 1000 unidades                            | 60            | 4,26 €                            |
| 7                                            | PUNTAS DE PIPETA CON FILTRO 10-100µL               | Caixa de 10 racks x 96                            | 90            | 24,34 €                           |
| 8                                            | PUNTAS DE PIPETA CON FILTRO 1000µL                 | Caixa de 10 racks x 96                            | 60            | 21,30 €                           |
| 9                                            | PUNTAS DE PIPETA CON FILTRO 1-10µL XL              | Caixa de 10 racks x 96                            | 105           | 31,03 €                           |
| 10                                           | PUNTAS PARA PIPETA SEROLÓXICA, 25 ML               | Caixa de 200 unidades                             | 12            | 32,86 €                           |
| 11                                           | XERINGAS GRADUADAS 1MM (LUER SLIP, GRAD.0,01 ML)   | Caixa de 100 unidades                             | 24            | 9,13 €                            |
| 12                                           | XERINGAS 5 ML(LUER SLIP)                           | Caixa de 100 unidades                             | 45            | 6,08 €                            |
| 13                                           | XERINGAS 10 ML(LUER SLIP)                          | Caixa de 100 unidades                             | 66            | 9,74 €                            |



|    |                                      |                       |    |         |
|----|--------------------------------------|-----------------------|----|---------|
| 14 | XERINGAS 20 ML(LUER SLIP)            | Caixa de 100 unidades | 66 | 12,17 € |
| 15 | XERINGAS 50 ML(LUER SLIP)            | Caixa de 100 unidades | 6  | 13,38 € |
| 16 | XERINGAS ESTÉRILES 10 ML (LUER-LOCK) | Caixa de 100 unidades | 12 | 28,60 € |
| 17 | XERINGAS ESTÉRILES 20 ML (LUER-LOCK) | Caixa de 100 unidades | 12 | 40,75 € |

- Lote 5.- COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (NIF: B36769479)

|                                    |             |
|------------------------------------|-------------|
| Prezo total ofertado, sen IVE      | 22.108,05 € |
| IVE (21%)                          | 4.642,69 €  |
| Prezo total ofertado, IVE engadido | 26.750,74€  |

Os prezos unitarios resultantes, unha vez aplicada a baixada ofertada polo licitador, son os seguintes:

| LOTE 5.- MATERIAL DE PLÁSTICO PARA CULTIVO CELULAR |                                                   |                       |               |                                   |
|----------------------------------------------------|---------------------------------------------------|-----------------------|---------------|-----------------------------------|
| Nº                                                 | PRODUTO                                           | FORMATO               | UDS ESTIMADAS | PREZO UNITARIO OFERTADO (SEN IVE) |
| 1                                                  | PLACA PETRI DE POLIESTINERO 55MMX14MM             | Caixa de 500 unidades | 115           | 41,06 €                           |
| 2                                                  | PLACAS PETRI DE POLIESTIRENO 90MMX16MM            | Caixa de 500 unidades | 300           | 34,22 €                           |
| 3                                                  | PLACAS PETRI POLIESTINERO tipo STERILIN 90MMX16MM | Caixa de 500 unidades | 50            | 92,00 €                           |
| 4                                                  | PLACAS PETRI DE POLIESTIRENO 150MMX21MM           | Caixa de 80 unidades  | 15            | 168,01 €                          |

O prazo de duración do contrato é de un ano, a contar desde a data de formalización do mesmo, establecéndose a posibilidade dunha prórroga por unha anualidade.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato, polo importe máximo de 50.456,37 €, IVE engadido (41.699,48 € máis 8.756,89 € correspondentes ao 21 € de IVE) financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| Anualidade     | Aplicación orzamentaria | TOTAL       |
|----------------|-------------------------|-------------|
| 2025 (6 meses) | 25/413.4123.221.15      | 25.228,18 € |
| 2026 (6 meses) | 26/413.4123.221.15      | 25.228,19 € |
| TOTAL          |                         | 50.456,37 € |



En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2026 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da(s) correspondente(s) factura(s), polos produtos efectivamente subministrados, unha vez conformada a mercancía recibida pola persoa designada ao efecto.

As facturas deberán ser presentadas unha vez a empresa adxudicataria presente o albarán de entrega do material debidamente selado polo responsable da empresa e corroborado polo responsable do servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

|                 |                          |                         |                  |                      |           |
|-----------------|--------------------------|-------------------------|------------------|----------------------|-----------|
| Administración: | L02000036<br>P36000000H) | (CIF:                   | Núm. de<br>exp.: | 2025012729           |           |
| Órgano xestor:  | LA0006121                | Unidade<br>tramitadora: | LA0006135        | Oficina<br>contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsables do contrato: Pilar Vela Fernández, xefa da Estación Fitopatolóxica Areeiro ou persoa en quen delegue.

3.- As empresas adxudicatarias deberán formalizar os contratos en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalicen o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpusese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

8.35558.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚMERO 3 DO CONTRATO DE “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” (EXPTE.2024002812)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de abril de 2024, acordou a adxudicación do contrato “*Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*” á empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842) polos seguintes prezos:

|                                                                |                |
|----------------------------------------------------------------|----------------|
| Prezo a tanto alzado para tres anos de contrato (sen IVE)      | 1.698.776,70 € |
| IVE (21%)                                                      | 356.743,11 €   |
| Prezo a tanto alzado para tres anos de contrato (IVE engadido) | 2.055.519,81 € |

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 22 de maio de 2024, fixando un prazo de duración de tres anos, con efectos desde o día 22 de maio de 2024 ata o 21 de maio de 2027, con posibilidade dunha prórroga anual.

Resultando.- Que ata a data, o contrato “*Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*” foi obxecto de dúas modificacións: a primeira para a adhesión do concello de Vilanova de Arousa e a segunda para a incorporación do concello de Ribadumia ao “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica*”.

Resultando.- Que a primeira modificación foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 4 de abril de 2025, a cal supuxo un incremento do prezo mensual de 1.410,82 € (IVE engadido), resultando o prezo do contrato modificado en 2.091.764,29 € (IVE engadido). Pola contra, aprobación da segunda modificación, adoptada por acordo Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 16 de maio de 2025, supuxo un incremento do prezo mensual de 785,47 € (IVE engadido). Os contratos modificados formalizáronse en documento administrativo, de data 28 de abril e 9 de xuño de 2025, respectivamente.

Resultando.-Que con data 27 de marzo de 2025, o Concello de Marín manifesta o seu interese na adhesión ao “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica*”, asinado en data 16 de xullo de 2025.

Resultando.-Que con data 1 de agosto de 2025, o responsable do contrato, xunto co deputado delegado da Área de Novas Tecnoloxías e Contratación, propón a modificación do contrato para a incorporación do concello de Marín.



A contía anual da modificación proposta, tendo en conta o custo estimado de incorporar ao devandito concello, calculado en función do rango de poboación e unha vez aplicada a porcentaxe de baixa ofertada pola empresa adxudicataria, estímase en 36.286,36 € (29.988,73 €, máis 6.297,63 € correspondentes ao 21% de IVE). Deste xeito, considérase un escenario de implantación que abrangue desde 1 de decembro de 2025 ata o 21 de maio de 2027, data de finalización do contrato vixente.

Resultando.- Que consta no expediente o documento RC número 12025000152711, polo importe de 2.051,19 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/926.9260.227.06 e documento RCFUT número 12025000152712, polo importe 24.614,26 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/926.9260.227.06 do orzamento provincial.

Resultando.- Que visto o informe conxunto do servizo de Contratación, Secretaría e Intervención, de data 14 de agosto de 2025 (CSV: JW7CVYBR9J56FEDG), no que se conclúe o seguinte:

*“A aprobación do “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para a prestación de servizos de administración electrónica” supón a colaboración co devandito concello para a prestación de servizos de administración electrónica.*

*Dita circunstancia, prevista como causa de modificación do contrato na cláusula 19 do prego administrativo regulador do “servicio de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra”, motiva a necesidade de ampliar a prestación do servizo no concello de Marín.*

*Polo exposto, tendo en conta o informe da responsable do contrato, e visto que a citada modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto nos pregos, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, considérase procedente que sexa acordada, nestes termos, polo órgano de contratación, se así o estima oportuno, e previa conformidade da Secretaría e da Intervención”.*

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 190 da LCSP, segundo o cal, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

Segundo o artigo 203 da LCSP, segundo o cal os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204.
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 204 LCSP, na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato preveuse a posibilidade de modificación, fixando o seu alcance, límites e natureza nos seguintes termos:

*“Prevense as seguintes modificacións:*

- *Previsión da incorporación dos Concellos de Ribadumia, Marín e Vilanova durante a execución do contrato.”*

*Para calcular o prezo a pagar a maiores por este servizo teranse en conta os seguintes prezos segundo o rango de poboación de habitantes, conforme a seguinte táboa:*



| <i>Rango de poboación (nº habitantes)</i> | <i>Entidade</i>           | <i>Prezo unitario licitación (anual sen IVE)</i> | <i>IVE (21%)</i>  | <i>TOTAL (anual co IVE)</i> |
|-------------------------------------------|---------------------------|--------------------------------------------------|-------------------|-----------------------------|
| <i>De 5.000 a 7.500</i>                   | <i>Ribadumia</i>          | <i>7.850,10 €</i>                                | <i>1.648,52 €</i> | <i>9.498,62 €</i>           |
| <i>De 10.001 a 15.000</i>                 | <i>Vilanova de Arousa</i> | <i>14.100,00 €</i>                               | <i>2.961,00 €</i> | <i>17.061,00 €</i>          |
| <i>De 20.001 a 30.000</i>                 | <i>Marín</i>              | <i>20.500,00 €</i>                               | <i>4.305,00 €</i> | <i>24.805,00 €</i>          |
| <i>TOTAL</i>                              |                           |                                                  |                   | <i>51.364,62 €</i>          |

*Estas cantidades prorratearanse en función dos meses en que se preste o servizo.”*

Entre as causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado, polo tanto, o prego prevé a incorporación do concello de Marín, circunstancia concorrente no presente caso, pola aprobación do “*convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para a prestación de servizos de administración electrónica*”.

O cambio supón un incremento mensual do prezo do contrato de 2.051,19 € (1.695,20 €, máis 355,99 € correspondentes ao 21% de IVE), financiado con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.227.06 do orzamento provincial, pasando a prestación do servizo a ter un prezo mensual modificado de 61.345,25 € (IVE engadido).

Considerando.- Que a modificación deberá tramitarse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes da LCSP, formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 LCSP.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 109.3 LCSP, a empresa adxudicataria, deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 3 do contrato de “*Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*”, subscrito coa empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842), para a incorporación do concello de Marín á execución do contrato. Considérase un escenario de implantación que abrangue desde 1 de decembro de 2025 e ata o 21 de maio de 2027, data de finalización do contrato vixente.

A modificación supón un incremento no prezo mensual de 2.051,19 € (IVE engadido), sendo o importe mensual trala modificación de 61.345,25 € (IVE engadido).



O prezo do contrato pasa a ter o seguinte prezo modificado:

|                                 |                     |
|---------------------------------|---------------------|
| Prezo modificado (sen IVE)      | 1.772.150,61 euros. |
| IVE (21%)                       | 372.151,63 euros    |
| Prezo modificado (IVE engadido) | 2.144.302,24 euros  |

2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 36.286,36 euros (IVE engadido), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| Anualidade            | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|-----------------------|-------------------------|------------------------|
| 2025 (01/12 ao 31/12) | 25/926.9260.227.06      | 2.051,19 €             |
| 2026                  | 26/926.9260.227.06      | 24.614,26 €            |
| 2027 (01/01 ao 21/05) | 27/926.9260.227.06      | 9.620,91 €             |
| TOTAL                 |                         | 36.286,36 €            |

En todo caso, os gastos que se deriven da presente modificación para os exercicios 2026 e 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento provincial e a existencia de crédito adecuado e suficiente en ditas aplicacións.

Asemade, dado que o “*convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para a prestación de servizos de administración electrónica*” remata o 10 de marzo de 2027, a modificación do contrato para o período comprendido entre o 11 de marzo e o 21 de maio de 2027, quedará condicionada á sinatura por parte do Concello de Marín, da I addenda ao convenio, cuxo fin será a ampliación da vixencia do mesmo, o cal é fundamental para seguir prestando o servizo obxecto do contrato.

O cadro de financiamento previsto poderá sufrir variacións en función da data efectiva de inicio da implantación do servizo no concello de Marín.

3.- Requirir a empresa *Espublico Servicios Para La Administración, S.A.* (CIF: A-50.878.842) para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a reaxustar a garantía definitiva constituída para este contrato para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasará de ter un importe de 87.108,10 euros a un importe de 88.607,54 euros).

9.35559.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MONCOSA OHS, S.A. FRONTE O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 13 DE XUÑO DE 2025, DE INCAUTACIÓN DE GARANTÍA POLA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)” (EXPTE.2025013573)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 19 de maio de 2023, adxudicou, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” á empresa Moncosa OHS, S.A.



O contrato adxudicouse polo prezo total de 268.973,62 euros, e prazo de execución de catro meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo, que se realizou o 29 de xuño de 2023.

Visto que, en resposta ás incidencias e reiterados incumprimentos por parte da empresa contratista, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, de acordo co Consello Consultivo de Galicia (Ditame 423/2024, de 5 de febreiro de 2025), resolveu o contrato, ao abeiro dos artigos 243.3 e 211.1 f) da LCSP.

Dita causa motivouse nos feitos postos de manifesto nas actas de recepción, de datas 21/5/24 (CSV:ZCTDXETPMAZAILDP) e 30/7/24 (CSV: RR08QMGZ4TOG7QYJ); e nos informes do director de obra, de data 14/5/24 (CSV:A1LZSRKOKI71819H); data 22/5/24 (CSV: 61ZJPD282VN12506); data 1/8/24 (CSV: ZACSJXDMEQ9KAZLJ);e data 18/9/24 (CSV: 8VXHLOR4ZNNBUO61).

Na mesma sesión, a Xunta de Goberno iniciou o procedemento de incautación de garantía, concedéndolle audiencia á contratista e á avalista Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega (CIF: F27005164).

Visto que, no trámite de audiencia, MONCOSA presenta escrito de alegacións (Rexistro entrada WEB2025017904, de 14/03/2025), no que manifesta o seguinte:

*“Primeira.- En relación coa incautación da garantía. Nulidade do presente procedemento por nulidade do procedemento de resolución do contrato.*

*(...) Como consecuencia de ese vicio de nulidade no procedemento de resolución do contrato, por haberse omitido o trámite preceptivo de audiencia á avalista na súa condición de interesado, dito vicio de nulidade alcanza necesariamente a este procedemento, que deriva directamente do anterior, polo que non procede a incautación da garantía pretendida.”*

*“Segunda.- En relación coa incautación da garantía. Improcedencia material da súa incautación. Os defectos de execución da obra non constitúen causa para resolver o contrato.*

*(...) Á vista do exposto, cabe indicar que MONCOSA OHS S.A. non incumpriu ningunha das obrigacións cualificadas como esenciais no Prego de Contratación, nin tampouco incumpriu a prestación principal do contrato, tendo en conta que a obra executouse na súa totalidade.*

*As deficiencias existentes en ningún caso poden ser consideradas como causa suficiente para motivar a resolución do contrato; deficiencias polas que a propia Administración xa sancionou á contratista cunha cualificación de: “falta leve” e polas que se lle impuxo unha sanción de 976,46 euros, sen apreciar na súa comisión culpabilidade ou intencionalidade por parte da contratista na súa realización nin tampouco considerar graves os danos ou prexuízos ocasionados.*

*Polo tanto, non existindo incumprimento culpable por parte do contratista que poda dar lugar á resolución do contrato nos termos expostos, tampouco procede a incautación da garantía, de conformidade co disposto no artigo 213.3 LCSP.”*

Visto que, en resposta a ditas alegacións, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio emite informe, de data 7 de maio de 2025 (CSV: 7P3WYVX5ZZ5VGQVU), que, coa conformidade da Secretaría e da Intervención, fundamenta o acordo da Xunta de Goberno, adoptado na sesión ordinaria do día 13 de xuño de 2025, de desestimar ditas alegacións e incautar a garantía definitiva de 11.114,61 euros.



Visto que, con data 9 de xullo de 2025, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (Rexistro entrada WEB2025051414) recurso de reposición interposto por Moncosa OHS, S.A. fronte ao referido acordo da Xunta de Goberno de 13 de xuño de 2025.

De conformidade co informe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 8 de agosto de 2025 (CSV: TU67G79SI7X8LSR5) que, co visto e praxe da Secretaría Xeral, considera que procede desestimar o recurso interposto pola empresa, en base aos seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*“Primeiro: Segundo o artigo 123.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), os actos ditados no presente procedemento poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.*

*O recurso foi interposto dentro do prazo legalmente establecido no artigo 124.1 LPAC.*

*Segundo: A empresa Moncosa OHS, S.A. está lexitimada para a interposición do recurso, ao ostentar a condición de interesada no contrato na súa condición de empresa contratista.*

*Terceiro: O artigo 119.1 LPAC establece que: “...a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a inadmisión...”.*

*O prazo máximo para ditar e notificar a resolución deste recurso é dun mes. Transcorrido dito prazo, de conformidade co artigo 24 LPAC, o efecto do silencio entenderase desestimatorio, sen prexuízo de que a resolución expresa posterior adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.*

*Cuarto: Respecto ao contido do recurso, a contratista presenta as mesmas alegacións que xa foron formuladas no trámite de audiencia do presente procedemento e que xa foron convenientemente contestadas no acordo de incautación de garantía.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista do exposto, considérase que procede desestimar o recurso interposto por Moncosa fronte a incautación de garantía pola resolución do contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, dado que a empresa volve a ratificarse nos mesmos argumentos que xa foron convenientemente contestados e desestimados durante a substanciación do procedemento, non achegando ningún documento ou elemento novo que permita ou xustifique apartarse do criterio seguido por esta Administración.”*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar o recurso de reposición interposto pola empresa *Moncosa OHS, S.A.* fronte o acordo da Xunta de Goberno núm. 13.35343, de 13 de xuño de 2025, de incautación de garantía pola resolución do contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”.



10.35560.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MONCOSA OHS, S.A. FRONTE O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 23 DE XUÑO DE 2025, DE RECLAMACIÓN DE DANOS E PERDAS POLA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)” (EXPTE.2025013247)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 19 de maio de 2023, adxudicou, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” á empresa Moncosa OHS, S.A.

O contrato adxudicouse polo prezo total de 268.973,62 euros, e prazo de execución de catro meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo, que se realizou o 29 de xuño de 2023.

Visto que, mediante acordos da Xunta de Goberno, de 10 de novembro de 2023 e de 16 de febreiro de 2024, concedeuse á empresa dúas ampliacións do prazo de execución, establecendo como data límite para finalizar a obra o 8 de marzo de 2024.

Visto que, en resposta ás incidencias e reiterados incumprimentos por parte da empresa contratista, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, de acordo co Consello Consultivo de Galicia (Ditame 423/2024, de 5 de febreiro de 2025), resolveu o contrato, ao abeiro dos artigos 243.3 e 211.1 f) da LCSP.

Na mesma sesión, acordou iniciar o procedemento para a incautación da garantía de 11.114,61 euros constituída para este contrato, dando audiencia ao contratista e ao avalista. Dita incautación aprobouse na sesión do 13 de xuño de 2025.

Visto que, incautada a garantía, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2025, considerando o informe da dirección de obra de 12 de febreiro de 2025 (CSV: 4AJQT8AXPAY7QVI6), que cuantifica os traballos de reparación das deficiencias ocasionadas por parte da empresa contratista no importe de 14.557,13 euros (IVE incluído), acorda reclamar a Moncosa OHS, S.A. a cantidade de 3.442,52 euros, que resultan da diferenza entre os danos e perdas ocasionados a esta Administración pola resolución do contrato e o importe da garantía constituída.

Visto que, con data 9 de xullo de 2025, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (Rexistro entrada WEB2025051412) recurso de reposición interposto por Moncosa OHS, S.A. fronte ao referido acordo da Xunta de Goberno de 23 de xuño de 2025.

De conformidade co informe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 8 de agosto de 2025 (CSV: AL5DB8RSL94A9GFJ) que, co visto e prace da Secretaría Xeral, considera que procede desestimar o recurso interposto pola empresa, en base aos seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*“Primeiro: Segundo o artigo 123.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), os actos ditados no presente procedemento poderán ser recorridos potestativamente*



en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

O recurso foi interposto dentro do prazo legalmente establecido no artigo 124.1 LPAC.

Segundo: A empresa Moncosa OHS, S.A. está lexitimada para a interposición do recurso, ao ostentar a condición de interesada no contrato na súa condición de empresa contratista.

Terceiro: O artigo 119.1 LPAC establece que: "...a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarán as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a inadmisión...".

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución deste recurso é dun mes. Transcorrido dito prazo, de conformidade co artigo 24 LPAC, o efecto do silencio entenderase desestimatorio, sen prexuízo de que a resolución expresa posterior adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.

Cuarto: Respecto ao contido do recurso, na alegación "Primeira.- Nulidade do presente procedemento por nulidade do procedemento de resolución do contrato e subseguinte nulidade do procedemento de incautación de garantía", na que Moncosa afirma que o procedemento de resolución do contrato é nulo porque non se concedeu trámite de audiencia á avalista, comprese sinalar o seguinte:

O artigo 213.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), establece que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

A incautación da garantía, segundo o artigo 109 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, requirirá audiencia do avalista ou asegurador.

Conforme a estes preceptos, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, acorda resolver o contrato de "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)", subscrito con Moncosa, e, acto seguido, iniciar o procedemento de incautación da garantía, concedéndolle trámite de audiencia a Moncosa e a Caixa Rural Galega Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega, como entidade avalista.

Non se entende a alegación da contratista neste punto, xa que a Administración atende puntualmente os referidos preceptos, procedendo a iniciar o procedemento de incautación de garantía no momento exacto que marca a Lei, isto é, cando se acorda a resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista, e non antes. Momento no que se concede o referido trámite de audiencia á contratista e á avalista.

Quinto: Respecto á alegación "Segunda.- Improcedencia material da incautación da garantía e da presente reclamación de danos e perdas. Os defectos na execución da obra non constitúen causa nin para resolver o contrato nin para reclamar danos e perdas", no que o contratista afirma que non incumpriu ningunha das obrigacións cualificadas como esenciais no prego de contratación, nin tampouco incumpriu a prestación principal do contrato, toda vez que a obra executouse na súa totalidade, comprese sinalar que sobre o incumprimento de Moncosa xa pronunciouse oportunamente o órgano de contratación no correspondente procedemento, que culminou, de acordo co ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, na resolución do contrato.

O incumprimento da empresa quedou sobradamente retallado e xustificado tanto no libro de ordes, como nas actas de recepción, de 21 de maio e 30 de xullo de 2024 (CSV: ZCTDXETPM AZAILDP e RR08QMGZ4TOG7QYJ) e nos informes do director de obra, de 14 e 22 de maio, 1 de agosto e 18 de setembro de 2024 (CSV: A1LZSRKOKI71819H, 61ZJPD282VN12506, ZACSJXDMEQ9KAZLJ e 8VXHLOR4ZNNBUO61), que constan no expediente.



*As consecuencias de dito incumprimento, que culminou coa resolución do contrato, quedaron xustificadas no informe do xefe do servizo de Contratación, de 28 de outubro de 2024 (CSV: 6HLORBMOSJ1IK8FM), que cita numerosas resolucións de tribunais contractuais, sentenzas e ditames do CCG, ao cal nos remitimos.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista do exposto, considérase que procede desestimar o recurso interposto por Moncosa fronte a reclamación de danos e perdas ocasionados a esta Administración pola resolución do contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, dado que, por un lado, no procedemento de resolución do contrato observouse o preceptivo trámite de audiencia á entidade avalista respecto á incantación da garantía, e por outro, considerase amplamente acreditado o seu incumprimento respecto a obrigaación principal.*

*O contrato de obras configúrase como un contrato de resultado, debendo o contratista finalizar as obras a satisfacción da Administración, axustándose ás especificacións técnicas previamente establecidas no proxecto e das que foi coñecedor o contratista na licitación. A pesar das numerosas instrucións dadas polo Director de obra, e do prazo extraordinario concedido na recepción de obra, o contratista non mostrou vontade de corrección das unidades que non cumprían cos mínimos de calidade esixidos polas normas, polo que se considera xustificada a resolución do contrato.”*

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar o recurso de reposición interposto pola empresa *Moncosa OHS, S.A.* fronte o acordo da Xunta de Goberno núm. 8.35366, de 23 de xuño de 2025, de reclamación de danos e perdas pola resolución do contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”.

11.35561.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MONCOSA OHS, S.A. FRONTE O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 23 DE XUÑO DE 2025, DE DECLARACIÓN DE PROHIBICIÓN DE CONTRATAR POLA RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)” (EXPTE.2025013581)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 19 de maio de 2023, adjudicou, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” á empresa Moncosa OHS, S.A.

O contrato adjudicouse polo prezo total de 268.973,62 euros, e prazo de execución de catro meses, contados desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo, que se realizou o 29 de xuño de 2023.



Visto que, mediante acordos da Xunta de Goberno, de 10 de novembro de 2023 e de 16 de febreiro de 2024, concedeuse á empresa dúas ampliacións do prazo de execución, establecendo como data límite para finalizar a obra o 8 de marzo de 2024.

Vistas as incidencias e reiterados incumprimentos por parte da empresa contratista, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, de acordo co Consello Consultivo de Galicia (Ditame 423/2024, de 5 de febreiro de 2025), resolveu o contrato, ao abeiro dos artigos 243.3 e 211.1 f) da LCSP.

Dita causa motivouse nos feitos postos de manifesto nas actas de recepción, de datas 21/5/24 (CSV:ZCTDXETPMAZAILDP) e 30/7/24 (CSV: RR08QMGZ4TOG7QYJ); e nos informes do director de obra, de data 14/5/24 (CSV:A1LZSRKOKI71819H); data 22/5/24 (CSV: 61ZJPD282VN12506); data 1/8/24 (CSV: ZACSJXDMEQ9KAZLJ);e data 18/9/24 (CSV: 8VXHLOR4ZNNBUO61).

Na mesma sesión, a Xunta de Goberno iniciou o procedemento de prohibición de contratar con esta Administración por un período de tres anos, concedéndolle audiencia.

Visto que no trámite de audiencia, MONCOSA presentou escrito de alegacións (Rexistro entrada WEB2025017904, de 14/03/2025), no que manifestou o seguinte:

*“Terceira.- En relación coa prohibición de contratar por un período de tres anos.*

*(...) Tendo en conta do indicado nos artigos anteriores, considera esta parte que o pretender impoñer unha prohibición de contratar a esta contratista polos feitos acaecidos en relación coa execución do contrato de referencia é unha medida absolutamente desproporcionada. Preténdese ademais impoñer polo prazo máximo previsto legalmente, isto é, por un período de tres anos, o cal resulta notablemente excesivo tendo en conta dos defectos na execución e da causa que motivou a resolución do contrato, como sinalamos nas alegacións precedentes.*

*A imposición dunha prohibición de contratar e, é máis, incluso a incoación do procedemento mesmo é independente da resolución do contrato.*

*Que se resolvera o contrato, cuestión que esta parte entende non resulta debidamente xustificada tendo en conta de que non se incumpriu a obrigaón esencial do mesmo, non implica a obrigaón de impoñer de maneira automática unha prohibición de contratar coa Administración nin moito menos coa duración pretendida.*

*No presente caso, a imposición dunha prohibición de contratar por un período de tres anos resulta absolutamente desproporcionada en relación cos parámetros para ter en conta para a súa imposición cales son: o alcance da situación xerada e o prexuízo efectuado ao órgano de contratación. Ambos os parámetros non se dan no presente caso, a situación xerada é un defecto valorado mesmo pola propia Administración como falta leve e o prexuízo ocasionado ao órgano de contratación é inexistente.*

*Non houbo dolo, mala fe nin prexuízo aos intereses públicos por parte da contratista MONCOSA OHS S.A.*

*Non hai por tanto razóns que xustifiquen a imposición dunha prohibición de contratar cando non se dan os orzamentos necesarios para iso.”*



Visto que, con data 23 de xuño de 2025, a Xunta de Goberno acorda desestimar ditas alegacións e declarar a prohibición de contratar con esta Administración por un período de tres anos, con fundamento no informe emitido polo xefe de servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio en data 11 de xuño de 2025 (CSV: Y658AZT4M5RYQU8R).

Visto que, con data 9 de xullo de 2025, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación (Rexistro entrada WEB2025051413) recurso de reposición interposto por Moncosa OHS, S.A. fronte ao referido acordo da Xunta de Goberno de 23 de xuño de 2025.

De conformidade co informe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 14 de agosto de 2025 (CSV: TMG57XCAXOBPN9WE) que, co visto e praxe da Secretaría Xeral, considera que procede desestimar o recurso interposto pola empresa, en base aos seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*“Primeiro: Segundo o artigo 123.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), os actos ditados no presente procedemento poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.*

*O recurso foi interposto dentro do prazo legalmente establecido no artigo 124.1 LPAC.*

*Segundo: A empresa Moncosa OHS, S.A. está lexitimada para a interposición do recurso, ao ostentar a condición de interesada no contrato na súa condición de empresa contratista.*

*Terceiro: O artigo 119.1 LPAC establece que: “...a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a inadmisión...”.*

*O prazo máximo para ditar e notificar a resolución deste recurso é dun mes. Transcorrido dito prazo, de conformidade co artigo 24 LPAC, o efecto do silencio entenderase desestimatorio, sen prexuízo de que a resolución expresa posterior adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.*

*Cuarto: Respecto ao contido do recurso, a contratista presenta as mesmas alegacións que xa foron formuladas no trámite de audiencia do presente procedemento e que xa foron convenientemente contestadas no acordo de declaración da prohibición de contratar.*

## CONCLUSIÓN

*Á vista do exposto, considérase que procede desestimar o recurso interposto por Moncosa fronte a declaración da prohibición de contratar pola resolución do contrato de “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, dado que a empresa volve a ratificarse nos mesmos argumentos que xa foron convenientemente contestados e desestimados durante a substanciación do procedemento, non achegando ningún documento ou elemento novo que permita ou xustifique apartarse do criterio seguido por esta Administración.”*



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar o recurso de reposición interposto pola empresa *Moncosa OHS, S.A.* fronte o acordo da Xunta de Goberno núm. 7.35365, de 23 de xuño de 2025, declaración de prohibición de contratar á empresa *Moncosa OHS, S.A.* pola resolución do contrato de “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”.

12.35562.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

13.35563.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

14.35564.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

